CONCELLO DE VIGO

OFERTA DE EMPREGO PÚBLICO 2010/2011

POLICÍA LOCAL-QUENDA LIBRE

CONVOCATORIA 3º EXERCICIO.- PROBAS FÍSICAS

Convócase aos aspirantes que superaron o segundo exercicio da oposición á realización do terceiro exercicio consistente nas probas de aptitude física.

Lugar de celebración: Pista de Atletismo Balaídos sita na Rúa dos Olímpicos s/n, 36210 desta cidade.

Día e Hora de comenzo da proba: O día 15 de marzo ás 08:30 horas todos os aspirantes deberán presentarse ante o órgano de selección no precitado lugar.

Calendario:

1.- Durante a mañá do xoves, 15 de marzo celebraranse as seguintes probas segundo orde de celebración:

1.1.- Comprobación da estatura.
1.2.- Probas físicas:

1.2.1 Proba de velocidade: carreira de 50 metros lisos.
1.2.2.Proba de potencia de tren superior: Flexións brazos/suspensión en barra.

1.2.3 Proba de potencia de tren inferior: salto horizontal

1.2.4. Proba de resistencia xeral: 1000 metros lisos.

2.- Ás 13:00 horas do venres, 16 de marzo na **piscina Municipal sita no rúa do Carme s/n -Travesas, desta cidade**, terá lugar a última proba: Natación, (25 metros estilo libre)

Identificación formal: Todos os aspirantes deberán ir provistos do seu documento nacional de identidade, con advertencia expresa da prohibición de realizar as probas e conseguinte expulsión do proceso selectivo para o caso de contravención da obrigación de identificarse validamente ante o órgano de selección.

Acreditación formal da aptitude para examinarse: Lémbrase aos aspirantes que, segundo dispón a Base Específica IV.1 i), na súa modificación por acordo da Xunta de Goberno local de 14 de outubro de 2016 e posterior rectificación de erro por acordo da Xunta de Goberno Local de 18 de novembro de 2016, publicadas no BOP de Pontevedra de datas 04/11/2016 e 05/12/2016 respectivamente, así como no DOG de datas 09/11/2016 e 27/12/2016, deberán presentar perante o órgano de selección, **na data de realización do terceiro exercicio (probas físicas)**, **certificado médico** expedido en impreso oficial e asinado polo colexiado en exercicio e, que non superará un máximo de tres meses dende a súa expedición, ao obxecto de acreditar a aptitude física, e no que se faga constar expresamente que o/a aspirante reúne as condicións psicofísicas (condicións físicas e sanitarias) necesarias e suficientes para a realización dos exercicios físicos que figuran especificados na correspondente proba da oposición, o que non excluirá as comprobacións posteriores do que se reflicte no certificado médico. Non se admitirán certificados que non se axusten na súa redacción a estes conceptos (ANEXO IV das Bases). A non presentación do referido certificado suporá a exclusión do aspirante do proceso selectivo.

Vigo, data segundo sinatura electrónica

O Secretario do Órgano de Selección, Antonio Vivero Mijares

ASINADO POR: Xefe Área Seguridade E Mobilidade (Antonio Vivero Mijares) 2018-03-09T14:38:03+01:00 -

Documento asinado